

# Índice

DIRECTRICES XERAIS.....	3
1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	3
2. Principio fundamental.....	4
3. Calendario escolar.....	4
4. Adaptación da actividade.....	4
5. Titoría e Orientación.....	5
6. Currículo e programación didácticas.....	5
7. Avaliación, promoción e titulación.....	7
8. Apoio aos centros educativos.....	8
9. Documentos de avaliación.....	8
10. Liñas xerais para a preparación do curso 2020-21.....	8
11. Criterios de permanencia.....	9
II DIRECTRICES ESPECÍFICAS POR ENSEÑANZAS.....	9
1. EDUCACIÓN INFANTIL.....	9
2. EDUCACIÓN PRIMARIA.....	9
Criterios de avaliación.....	9
Procedementos de avaliación.....	10
Criterios de promoción.....	10
3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	11
Criterios de avaliación.....	11
Procedementos de avaliación.....	11
Criterios de promoción.....	12
4. BACHARELATO.....	12
Criterios de avaliación.....	12
Procedementos de avaliación.....	13
Criterios de promoción.....	13
Criterios de titulación.....	13
5. FORMACIÓN PROFESIONAL.....	14
Criterios de avaliación.....	14
Primeiro curso de réxime de ordinario:.....	14
Segundo curso:.....	14
Procedementos de avaliación.....	14
A) Modalidade presencial:.....	14
B) Modalidade a distancia:.....	15
Criterios de promoción no réxime de ordinario.....	15
Criterios de titulación.....	15
6. ENSEÑANZAS PARA AS PERSOAS ADULTAS ENSEÑANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NAS MODALIDADES PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL.....	16
Criterios de avaliación.....	16
Procedemento de avaliación.....	16
Criterios de promoción.....	17
Criterios de titulación.....	17
BACHARELATO NAS MODALIDADES PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL.....	17
BACHARELATO NA MODALIDADE A DISTANCIA POR MEDIOS TELEMÁTICOS... ..	17
Probas libres para a obtención dos títulos da ESO e Bacharelato.....	18
7. ENSEÑANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.....	18
Criterios de avaliación.....	18
Primeiro curso:.....	18
Procedementos de avaliación.....	18

8. ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE.....	19
DANZA.....	19
Criterios de avaliación.....	19
Criterios de promoción.....	20
Criterios de permanencia.....	21
Documentos de avaliación.....	21
Probas específicas de acceso.....	22
Premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza.....	22
9. ENSINANZAS DEPORTIVAS.....	22
Criterios de avaliación.....	22
Primeiro curso.....	22
Procedementos de avaliación.....	22
Criterios de promoción.....	23
Criterios de titulación.....	23
10. ENSINANZAS OFICIAIS DE IDIOMAS.....	23
Proceso de ensinanza-aprendizaxe.....	23
Avaliación.....	23
Criterios de promoción.....	24
Criterios de certificación.....	24
Matrícula do alumnado libre.....	24
11. ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES.....	24
Criterios de avaliación.....	25
Criterios de promoción.....	26
Documentos de avaliación.....	26
Probas específicas de acceso.....	27

# **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, o 13 de marzo, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de

activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Entre as medidas preventivas adoptadas no mencionado Acordo do 12 de marzo, respecto do ensino non universitario, establécese a suspensión das actividades académicas.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

No tempo transcorrido desde entón, a administración educativa da Xunta de Galicia tivo que adoptar diferentes decisións, algunhas de carácter provisional e suxeitas a modificacións en función da evolución da pandemia. Ao longo destas semanas, longas e difíciles, docentes, alumnado e familias están a dar exemplo de responsabilidade e adaptación a unha situación excepcional que ten alterado por completo o desenvolvemento do curso escolar 2019-20.

Pola súa parte, o Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou a Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19.

Dita norma, que ten carácter básico, modifica o marco normativo que rexe o desenvolvemento do curso 2019/2020 e flexibiliza os criterios para promoción e titulación nas diferentes etapas educativas, quedando sen efecto o criterio do número de materias non superadas.

Procede, polo tanto, ditar as instrucións para a aplicación de dita norma básica por parte dos centros educativos, no terceiro trimestre do curso 2019/2020, en aspectos como a programación e o desenvolvemento das actividades de ensinanza-aprendizaxe, a avaliación, a promoción e a titulación do alumnado galego dos distintos cursos e niveis, tendo en conta tamén as necesidades do conxunto da comunidade educativa, desde os docentes, ata o alumnado e as súas familias.

De acordo co anterior, dítanse as seguintes instrucións

## **DIRECTRICES XERAIS**

### **1. Obxecto e ámbito de aplicación**

1.1. Estas instrucións teñen por obxecto determinar nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, aqueles aspectos organizativos e académicos necesarios para o adecuado desenvolvemento, no terceiro trimestre do curso 2019/2020, das ensinanzas establecidas ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no contexto da aplicación das medidas de contención no ámbito educativo e da formación previstas no Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma sanitaria ocasionada polo COVID-19.

## **2. Principio fundamental**

2.1. Todos os responsables das tarefas educativas, sexan docentes, equipos directivos ou membros das Administracións, extremarán o seu coidado para apoiar os estudantes e as súas familias, os docentes e todos os membros da comunidade educativa, así como para facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovan o seu benestar. En consecuencia, todas as decisións da Administración educativa estarán suxeitas ás recomendacións sanitarias e velarán pola adopción das medidas recomendadas polos responsables de dita área.

## **3. Calendario escolar**

3.1. Durante o terceiro trimestre os centros docentes continuarán coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial ou, de ser o caso, presencial, en función das recomendacións que diten as autoridades sanitarias. Ditas actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.

3.2. As actividades lectivas que se desenvolven durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020, sempre condicionadas polo que dispoñan as autoridades sanitarias, non se estenderán máis alá das datas establecidas na Orde do 20 de xuño de 2019, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/2020 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, a excepción feita dalgúns procesos singulares, como a celebración das probas da ABAU, as de acceso ás diferentes ensinanzas ou aquelas outras probas que, polo seu carácter singular, o precisen.

3.3. A citada Orde do 20 de xuño de 2019, de calendario escolar, establece no seu artigo 12.3.2 que as sesións de avaliación final do alumnado de segundo curso de bacharelato adecuaranse, na convocatoria ordinaria e extraordinaria, ás datas previstas para a ABAU. A estes efectos, as sesións de avaliación final de segundo curso de bacharelato deberán realizarse antes do día 9 de xuño de 2020 na convocatoria ordinaria, e na primeira semana do mes de setembro na convocatoria extraordinaria.

## **4. Adaptación da actividade**

4.1. As actividades lectivas que se desenvolvan durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020 deberán combinar de maneira integrada as actividades a distancia e as presenciais que puidesen levarse a cabo, segundo evolucione a situación sanitaria. A tal efecto, os centros educativos:

4.2. Prestarán especial atención a identificar o alumnado desconectado por diversas circunstancias ou non localizable e prepararán plans específicos de recuperación do vínculo escolar e de reforzo que lles axuden a reincorporarse á actividade educativa tan pronto como sexa posible. Os centros darán traslado de ditos plans específicos á inspección educativa.

4.3. Farán un especial esforzo para identificar o alumnado que carece de medios de conexión dixital e, en virtude da súa autonomía organizativa e de xestión, arbitrarán as medidas necesarias e facilitarán o uso de distintos tipos de dispositivos adecuados para a atención educativa a este alumnado.

4.4. Intensificarán a posta a disposición do alumnado dos recursos tecnolóxicos e doutro tipo que necesiten para o desenvolvemento das súas actividades, e desenvolverán formación e ferramentas adecuadas para permitir que o alumnado obteña o maior proveito da metodoloxía non presencial.

## **5. Titoría e Orientación**

5.1. Coa finalidade de axudar ao alumnado a organizar as súas actividades escolares, autorregular a súa aprendizaxe e manter un bo estado emocional, os centros educativos adaptarán o modelo de titorías á nova situación e organizarán accións de orientación académica e profesional cos medios dispoñibles, especialmente para o alumnado de 4º de ESO, 2º de FP Básica, 2º de Bacharelato e 2º de FP de grao medio.

5.2. Os centros educativos organizarán os seus recursos de apoio para favorecer na medida do posible a axeitada atención ao alumnado con necesidades educativas especiais, favorecendo o seu acceso ao currículo por medio da adaptación dos instrumentos, tempos e apoios que aseguren una adecuada atención e avaliación deste alumnado. Porase, asemade, especial coidado na atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5.3. Os Departamentos de Orientación continuarán co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do seu centro, adaptándoas á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.

## **6. Currículo e programacións didácticas**

6.1. Os centros e o profesorado revisarán os currículos e as programacións didácticas para centrar as actividades lectivas do derradeiro trimestre nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberían desenvolver os alumnos e as alumnas, en función da súa etapa, curso, área ou materia, flexibilizando os seus plans de traballo e coidando de non penalizar ou afectar ao benestar do seu alumnado, nin sobrecargalo de tarefas excesivas.

6.2. Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Na medida do posible deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.

6.3. A ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.

6.4. Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.

6.5. Os currículos, programacións e actividades que se desenvolvan durante o terceiro trimestre nos cursos que conducen a unha titulación final de etapa terán especialmente en conta esta circunstancia e flexibilizaranse e adaptaranse para axudar en todo o posible a que o seu alumnado poida alcanzala.

6.6. Os centros educativos reforzarán a imprescindible coordinación do profesorado á hora de adaptar as programacións, as actividades e os criterios de avaliación, co fin de evitar problemas como a sobrecarga de tarefas, a falta de acompañamento docente ou a desigualdade do apoio aos estudantes que lles poden prestar a súas familias.

#### Adaptación das programacións didácticas

6.7. Os departamentos didácticos, os equipos de ciclo e os equipos docentes de cada curso, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do titor ou titora de curso, adaptarán a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, áreas, materias ou módulos integrados no departamento, que será o referente para o profesorado que imparta a mesma área, materia, módulo ou ámbito no centro educativo.

6.8. Aprendizaxes e competencias: identificaranse as aprendizaxes (estándares de aprendizaxe, ou no seu caso resultados de aprendizaxe) e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia, área, módulo ou ámbito, que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

6.9. Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

6.10. Establecerase o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

6.11. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes: prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias

pendentes. No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

6.12. Información e publicidade. A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

6.13. O documento guía será remitido polos responsables da súa elaboración á dirección do centro antes do día 12 de maio de 2020 para o seu traslado á inspección educativa. As direccións dos centros responsabilizaranse da súa publicación na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa e de garantir a súa publicidade, seguindo o procedemento establecido no centro. Así mesmo, o profesorado informará ao alumnado da súa área, materia, ámbito ou módulo.

## **7. Avaliación, promoción e titulación**

7.1. Os centros e o profesorado adaptarán o sistema de avaliación do alumnado, co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación dos estudantes máis vulnerables.

7.2. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en todas as etapas, ciclos e ensinanzas, para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

7.3. A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre sempre e cando se beneficie ao alumnado.

7.4. Os centros educativos e o profesorado emitirán un informe individual valorativo do traballo realizado polos seus alumnos e alumnas no curso, que inclúa os atrasos que puidesen terse producido e un plan de recuperación destes. Dito informe será tido en conta de cara a programación do curso 2020-2021.

7.5. A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de curso una medida moi excepcional, que non poderá estar baseada unicamente no número de materias non superadas, e deberá estar solidamente argumentada e acompañada dun plan preciso de recuperación para cada alumno ou alumna.

7.6. A titulación do alumnado non poderá verse prexudicada polo cambio na metodoloxía na aprendizaxe non presencial. Os centros educativos revisarán e flexibilizarán os criterios de titulación en todas as etapas educativas.

## **8. Apoio aos centros educativos**

8.1. Os centros contarán cos recursos formativos e medios de apoio que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional pon á súa disposición para permitir que o profesorado desenvolva o seu labor docente nas mellores condicións posibles na situación actual.

8.2. Desde a Rede de Formación do Profesorado prestarase o apoio e continuo ao persoal docente, nas novas necesidades que poida xerar o proceso de ensinanza e aprendizaxe a distancia. Así mesmo poñerán á disposición dos centros educativos os seus recursos, en especial para favorecer a atención ao alumnado máis vulnerable.

8.3. Así mesmo, os Equipos de Orientación Específicos (EOE) establecerán canles de comunicación e tomarán a iniciativa cun contacto diario e permanente, para asesorar e apoiar os departamentos de orientación, coa fin de favorecer a resposta educativa na atención á diversidade do alumnado e o seu benestar emocional.

8.4. A Inspección Educativa prestaralles apoio e asesoramento aos centros educativos no proceso de adaptación das súas programacións didácticas e en todo aquilo que, dentro das súas funcións, facilite a mellora da atención educativa ao alumnado.

## **9. Documentos de avaliación**

9.1. Nos documentos oficiais de avaliación quedarán recollidas, ademais da norma pola que se establece o currículo correspondente de cada ensino, a normativa específica básica e autonómica que recolla as medidas de flexibilización que, con carácter excepcional durante o curso 2019-2020, se aplicasen, de maneira que os documentos de avaliación dean conta do marco regulamentario no que se desenvolveu a avaliación e a adopción de decisións de promoción ou titulación e estean debidamente regularizados.

## **10. Liñas xerais para a preparación do curso 2020-21**

10.1. Os centros e o profesorado organizarán plans de recuperación e adaptación do currículo e das actividades educativas para o curso 2020-2021, co obxecto de permitir o avance de todo o alumnado e especialmente dos máis atrasados. Ditos plans estarán baseados nos informes individualizados que se emitan ao final do presente curso e nas eventuais avaliacións iniciais que puidesen



realizarse.

10.2. A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias. Deberán adoptarse as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultase adquirir.

## **11. Criterios de permanencia**

11.1. Autorízase, de xeito xeral, a ampliación nun ano do límite de permanencia nestas ensinanzas daquel alumnado que se vise afectado polas circunstancias deste curso escolar.

# **II DIRECTRICES ESPECÍFICAS POR ENSEÑANZAS**

## **1. EDUCACIÓN INFANTIL**

1.1. En Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será global, continua e formativa. Debe servir para detectar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizar os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.

1.2. No contexto actual, ademais da necesaria coordinación entre os profesionais, resulta imprescindible reforzar a fluidez da comunicación cos pais, nais e titores legais dos alumnos e alumnas como partícipes directos no proceso de ensino aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

1.3. Os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo especialmente ao desenvolvemento evolutivo do alumno ou alumna e á consecución dos obxectivos da etapa. A continuidade do proceso de promoción á Educación Primaria non poderá verse prexudicada pola situación de actividade non presencial, en ningún caso, agás para o alumnado con necesidades educativas especiais para o que se considere moi conveniente a permanencia un ano máis nesta etapa, sempre previo informe do departamento de orientación e o acordo dos proxenitores.

1.4. O informe individualizado do alumno ou alumna terá en conta especialmente o seu progreso ou atraso, en especial no último curso da etapa coa finalidade de adaptar a súa actividade ao inicio do curso 2020/2021 na ensinanza primaria.

## **2. EDUCACIÓN PRIMARIA**

### **Criterios de avaliación**

2.1. No terceiro trimestre do curso 2019-2020 o traballo do alumnado centrarase especialmente no desenvolvemento das actividades de recuperación, repaso,

reforzo e afondarase nas aprendizaxes xa traballadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

2.2. Os centros educativos flexibilizarán e adaptarán os criterios de avaliación previstos para cada curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. Estes criterios de avaliación, que terán carácter diagnóstico e formativo, permitirán as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non fosen abordados.

## **Procedementos de avaliación**

2.3. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020. Non obstante, daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou á alumna. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre.

2.4. Os centros poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mesmo mecanismo co que cada centro viñese comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.

## **Criterios de promoción**

2.5. Flexibilizaranse de maneira excepcional durante o curso 2019-2020, os criterios de promoción en todos os cursos de Educación Primaria, sen ter en conta limitacións que afecten ao número de áreas pendentes. A avaliación do alumnado terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional.

2.6. A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultase adquirir.

2.7. O informe individual será de especial relevancia no caso dos alumnos e alumnas que cursasen sexto curso de Educación Primaria e que accederán á etapa de Educación Secundaria Obrigatoria. Terá carácter informativo e orientador, detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o próximo curso escolar 2020-2021.

## **3. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

### **Criterios de avaliación**

3.1. Os centros educativos adaptarán os criterios de avaliación e cualificación previstos nas programacións didácticas para cada curso e materia, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso formativo do alumnado, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso, fomentando as rutinas de traballo e mantendo o hábito de estudo.

3.2. Estes criterios de avaliación terán carácter diagnóstico e permitirán as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 20202021, para incorporar aqueles obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non puidesen ser abordados.

3.3. A avaliación do alumnado da Educación Secundaria Obrigatoria será integradora e colexiada, debendo priorizar a progresión e consecución dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias clave correspondentes fronte á superación dos criterios de avaliación específicos de cada materia.

### **Procedementos de avaliación**

3.4. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

3.5. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.

3.6. En ningún caso, o alumno ou alumna poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, e non poderá ver minorados os resultados obtidos nas avaliacións dos trimestres anteriores.

3.7. Os centros educativos poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mesmo mecanismo co que cada centro se viñese comunicando co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.

3.8. As decisións para que un alumno ou alumna se incorpore a un Programa de Mellora da aprendizaxe e do rendemento, a un ciclo formativo de Formación Profesional Básica ou a outros programas específicos regulados pola Administración educativa en ningún caso poderán adoptarse atendendo ao aproveitamento do terceiro trimestre. A estes efectos, terase en conta a evolución e progreso do alumno ou da alumna ata a finalización do período presencial do curso escolar.

## **Criterios de promoción**

3.9. Flexibilizaranse, de maneira excepcional durante o curso 2019-2020, os criterios de promoción en todos os cursos de Educación Secundaria Obrigatoria, sen ter en conta limitacións que afecten ao número de materias pendentes.

3.10. Os alumnos e as alumnas promocionarán de curso e a repetición consideraranse unha medida de carácter excepcional, que se adoptará, en todo caso, de maneira colexiada polo equipo docente en función da evolución académica do estudante durante o período previo á suspensión da actividade lectiva presencial.

3.11. Os alumnos e alumnas que promocionen sen ter superado todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, e seguirán os programas de reforzo, individuais ou grupais, que estableza cada equipo docente no marco que se dispoña pola administración educativa para o vindeiro curso.

### **Criterios de titulación**

3.12. Flexibilizaranse os criterios de obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, baseándose na adquisición dos obxectivos xerais establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias. Para obter a titulación non se terán en conta as limitacións que afecten ao número de materias pendentes.

3.13. Os equipos docentes poderán adoptar as decisións colexiadas de promoción e de titulación tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.

## **4. BACHARELATO**

### **Criterios de avaliación**

4.1. Os centros educativos adaptarán os criterios de avaliación e cualificación previstos nas programacións didácticas para cada curso e materia, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles da etapa, xunto á capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos de investigación apropiados.

4.2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado durante o terceiro trimestre do vixente curso escolar, será continua e diferenciada segundo as materias, terá un carácter diagnóstico e formativo, e flexibilizará os criterios de avaliación, promoción e titulación.

4.3. Como norma xeral, os equipos docentes adaptarán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe previstos nas correspondentes programacións didácticas para cada materia e curso.

4.4. A avaliación centrarase na adquisición das competencias clave e dos contidos máis relevantes en cada materia, impartidos no primeiro e no segundo trimestre ata o pasado 13 de marzo, así como a evolución académica e madurativa

demostrada polo alumno ou alumna ao longo do curso e da etapa.

## **Procedementos de avaliación**

4.5. Os procedementos de avaliación axeitaranse ás adaptacións metodolóxicas derivadas do cambio de ensinanza non presencial neste terceiro trimestre.

4.6. Daráselle prioridade á avaliación a partir das avaliacións anteriores e das actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.

4.7. En ningún caso, o alumno poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de metodoloxía a distancia do terceiro trimestre, nin ver minoradas as cualificacións obtidas nas avaliacións dos trimestres anteriores.

4.8. Os centros poderán realizar actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico, polo mesmo mecanismo co que cada centro viñese comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.

## **Criterios de promoción**

4.9. Flexibilizaranse, de maneira excepcional, os criterios de promoción de primeiro a segundo curso de bacharelato e non se considerarán limitacións que afecten ao número de materias pendentes.

4.10. Os alumnos e alumnas promocionarán de curso e a repetición considerárase unha medida de carácter excepcional, que se adoptará en todo caso de maneira colexiada polo equipo docente en función da evolución académica do estudante durante o período previo á suspensión da actividade lectiva presencial.

4.11. En consecuencia, poderase promocionar con máis de dúas materias pendentes sempre e cando a Xunta de avaliación así o acorde, considerando entre outros criterios que evolución do alumno ou alumna foi positiva, demostrando unha madurez persoal e académica que o capacitan para alcanzar os obxectivos e as competencias clave no segundo curso co correspondente programa de reforzo.

4.12. Os alumnos e alumnas que promocionen sen ter superadas todas as materias deberán matricularse das materias non superadas, seguirán os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberán superar as avaliacións correspondentes aos anteditos programas de reforzo.

## **Criterios de titulación**

4.13. Para obter o título de bacharel será necesaria, con carácter xeral, a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de Bacharelato.

4.14. Porén, os centros poderán flexibilizar, de maneira excepcional, os criterios de obtención do título de Bacharelato sen ter en consideración as limitacións que afecten ao número de materias non superadas, cando, a xuízo do equipo

docente, o alumno ou alumna teña adquiridos suficientemente os obxectivos xerais da etapa que lle permitan continuar o seu itinerario académico.

4.15. Neste caso, a decisión de titulación basearase na evolución académica do alumno ou alumna durante o primeiro e o segundo trimestre, así como ao longo de toda a etapa e no logro dos obxectivos e adquisición das competencias clave.

4.16. Os equipos docentes poderán adoptar as decisións colexiadas de promoción e de titulación, tanto na convocatoria ordinaria de xuño como na extraordinaria de setembro.

## **5. FORMACIÓN PROFESIONAL**

### **Critérios de avaliación**

#### ***Primeiro curso de réxime de ordinario:***

5.1. No caso de resultados de aprendizaxe asociados a un módulo formativo que resulten esenciais e que non puideron desenvolverse debido ás circunstancias excepcionais deste curso, os centros educativos establecerán o procedemento que se considere máis axeitado para que todo o alumnado poida adquirir os ditos resultados de aprendizaxe. A tal efecto, os centros poderán, entre outras medidas, autorizar a súa ubicación noutro módulo profesional diferente, propio de 2.º curso, nas programacións didácticas dos centros. Así mesmo, os centros educativos poderán incorporar actividades de formación, ao inicio do próximo curso, que garantan a consecución dos resultados de aprendizaxe afectados pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

#### ***Segundo curso:***

5.2. Flexibilizaranse e adaptaranse os criterios de avaliación dos módulos profesionais de formación en centros de traballo e de Proxecto, no seu caso, atendendo ás especiais circunstancias e á dificultade da súa realización por parte del alumnado. Así mesmo, en relación ao desenvolvemento da FCT e do módulo de Proxecto estarase ao disposto na Resolución do 23 de abril de 2020.

### **Procedementos de avaliación**

5.3. O procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

#### ***A) Modalidade presencial:***

5.4. As probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico e formativo, realizaranse polo mesmo mecanismo co que cada centro viñera comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dende a suspensión da actividade presencial.

5.5. Así mesmo, a avaliación de cada módulo profesional realizarase atendendo

carácter continuo da mesma, e tendo en conta o regulado no artigo 27.3 Orde de 12 de xullo de 2011, a partir das avaliacións anteriores e actividades desenvoltas durante este período, sempre que iso favoreza alumno ou alumna.

ao  
da  
ás  
ao

### ***B) Modalidade a distancia:***

5.6. Os centros educativos poderán determinar a substitución da proba presencial final por unha proba desenvolta mediante os recursos telemáticos utilizados de xeito habitual no desenvolvemento desta modalidade a distancia, mantendo a ponderación da mesma para o cálculo da cualificación final de cada módulo, xunto aos procesos de avaliación desenvoltos ao longo do curso.

5.7. Así mesmo, poderán autorizar a consideración dos datos obtidos polo profesor titor das actividades desenvoltas polo alumno ou alumna ao longo de seu proceso de aprendizaxe como elemento determinante da cualificación final do módulo.

### **Criterios de promoción no réxime de ordinario**

5.8. Durante o curso 2019-2020 flexibilizaranse, de xeito excepcional, os criterios de promoción en todas as ensinanzas de Formación Profesional, no réxime ordinario. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional. Non serán tidas en conta as limitacións para pasar de curso que afecten a módulos pendentes.

5.9. A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles tivera dificultado adquirir.

### **Criterios de titulación**

5.10. Na Formación Profesional Básica, flexibilizaranse os criterios de titulación, atendendo ao carácter continuo, formativo e integrador da avaliación destas ensinanzas.

5.11. Respecto á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obligatoria por parte deste alumnado, teranse en conta criterios de flexibilización similares aos aplicados en 4.º de ESO a efectos de titulación.

5.12. No caso de ciclos de grao medio e grao superior, os centros educativos flexibilizarán os criterios de titulación, atendendo a principios xerais de adquisición da competencia xeral do título e non da superación da totalidade dos módulos formativos.

## **6. ENSINANZAS PARA AS PERSOAS ADULTAS ENSINANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NAS MODALIDADES PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL.**

### **Criterios de avaliación**

6.1. Os centros educativos e o profesorado revisarán e modificarán os criterios de avaliación previstos para cada módulo e ámbito, valorando especialmente as competencias máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, reforzando e consolidando as aprendizaxes realizadas no primeiro mes do cuadrimestre, período no que se desenvolveron actividades educativas de carácter presencial.

6.2. Estes criterios de avaliación terán carácter diagnóstico e formativo, e permitirán as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e contidos que, polas circunstancias especiais do segundo cuadrimestre, non foron abordados.

6.3. A avaliación do alumnado será integradora e colexiada, debendo priorizar a progresión e consecución dos obxectivos xerais establecidos para o módulo e o desenvolvemento das competencias correspondentes fronte á superación dos criterios de avaliación específicos para cada ámbito.

6.4. Os centros educativos e o profesorado deseñarán, para o curso 2020-2021, unha organización curricular excepcional, que garanta a consolidación, adquisición e reforzo, por parte de todo o alumnado, das aprendizaxes afectadas pola situación do segundo cuadrimestre do presente curso.

### **Procedemento de avaliación**

6.5. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas que os centros educativos e o profesorado realicen durante o segundo cuadrimestre do curso 2019-2020.

6.6. Priorizarase a avaliación atendendo ao seu carácter continuo, formativo e integrador, a partir das actividades desenvolvidas durante a etapa presencial. En ningún caso, o alumnado poderá verse prexudicado polas dificultades derivadas do cambio de formato de ensino presencial a ensino telemático.

6.7. Os centros e o profesorado establecerán os procedementos de avaliación que xulguen adecuados ás actuais circunstancias para avaliar as aprendizaxes desenvolvidas durante a etapa presencial.

6.8. A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico co obxectivo de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o próximo curso. Estas actividades de avaliación faranse polo mesmo mecanismo con que cada centro se estea comunicando co



seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe desde a suspensión da actividade presencial.

6.9. Avaliación extraordinaria correspondente aos módulos impartidos no primeiro cuadrimestre: os centros e o profesorado establecerán os procedementos de avaliación que xulguen adecuados ás actuais circunstancias. En todo caso, estes procedementos de avaliación aplicaranse con anterioridade aos de avaliación dos módulos impartidos no segundo cuadrimestre.

### **Criterios de promoción**

6.10. Os equipos docentes flexibilizarán, de maneira excepcional durante o curso 2019-2020, os criterios de promoción en todos os módulos, sen ter en conta limitacións que afecten ao número de ámbitos pendentes.

6.11. A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución dos resultados vencellados ás aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles dificultara adquirir.

6.12. O alumnado que promociione sen ter superados todos os ámbitos seguirá os programas de reforzo, individuais ou grupais, que estableza cada equipo docente.

### **Criterios de titulación**

6.13. Os equipos docentes flexibilizarán os criterios de obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria, baseándose nos obxectivos xerais establecidos para a etapa e na adquisición das competencias fundamentais. As decisións sobre titulación adoptaranse, en todo caso, de maneira colexiada polo equipo docente.

6.14. Quedan aprazadas ata a publicación dun novo calendario, en función da evolución da pandemia, as probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos.

## **BACHARELATO NAS MODALIDADES PRESENCIAL E SEMIPRESENCIAL**

6.15. Nas modalidades presencial e semipresencial, aplicaranse os mesmos criterios para a organización do terceiro trimestre, a avaliación, a promoción e a titulación que se establecen para o Bacharelato polo réxime ordinario.

## **BACHARELATO NA MODALIDADE A DISTANCIA POR MEDIOS TELEMÁTICOS**

6.16. Ensinanzas conducentes á obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

6.17. Na modalidade a distancia, a actividade docente continúa co ritmo habitual por medio das aulas virtuais dos distintos ámbitos.

a) Os centros educativos poderán determinar a substitución das probas presenciais da avaliación ordinaria correspondente aos módulos impartidos no segundo cuadrimestre por unha proba realizada mediante os recursos telemáticos utilizados de maneira habitual no desenvolvemento desta modalidade a distancia.

b) Igualmente, poderán utilizar os recursos telemáticos para a realización da proba da avaliación extraordinaria correspondente aos módulos impartidos no primeiro cuadrimestre.

6.18. Na modalidade a distancia, a actividade docente continúa co ritmo habitual por medio das aulas virtuais das distintas materias.

6.19. Os centros educativos poderán determinar a substitución das probas presenciais da terceira avaliación e a proba final por unha proba realizada mediante os recursos telemáticos utilizados de maneira habitual no desenvolvemento desta modalidade a distancia.

## **Probas libres para a obtención dos títulos da ESO e Bacharelato**

6.20. Quedan aprazadas ata a publicación dun novo calendario, en función da evolución da pandemia, as probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria para maiores de dezoito anos e a proba para a obtención do título de Bacharel para maiores de vinte anos.

## **7. ENSEÑANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO**

### **Cráterios de avaliación**

#### ***Primeiro curso:***

7.1. No caso de resultados de aprendizaxe asociados a módulos formativos que resulten esenciais e que non puideron desenvolverse debido á circunstancias excepcionais deste curso, os centros educativos establecerán o procedemento que se considere máis axeitado para que todo o alumnado poida adquirir os ditos resultados de aprendizaxe. A tal efecto, os centros poderán, entre outras medidas, autorizar a súa ubicación nouro módulo profesional diferente, propio de 2.º curso, nas programacións didácticas dos centros. Así mesmo, os centros educativos poderán incorporar actividades de formación, ao inicio do próximo curso, que garantan a consecución dos resultados de aprendizaxe afectados pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

### **Procedementos de avaliación**

7.2. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

7.3. As probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico e formativo, realizaranse polo mesmo mecanismo co que cada centro viñera comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dende a suspensión da actividade presencial.

7.4. Así mesmo, a avaliación de cada módulo profesional realizarase atendendo ao carácter continuo da mesma, e tendo en conta o regulado no artigo 18.2 da Orde do 1 de decembro de 2008 pola que se regula a organización, a avaliación e a acreditación académica das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, a partir das avaliacións anteriores e ás actividades desenvoltas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.  
Criterios de promoción no réxime de ordinario

7.5. Durante o curso 2019-2020 flexibilizaranse, de xeito excepcional, os criterios de promoción en todas as ensinanzas de Artes Plásticas e Deseño. A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional. Non serán tidas en conta as limitacións para pasar de curso que afecten a módulos pendentes.

7.6. A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles tivera dificultado adquirir.  
Criterios de titulación

7.7. Tanto nos ciclos de grao medio como de grao superior, os centros educativos flexibilizarán os criterios de titulación, atendendo a principios xerais de adquisición da competencia xeral do título e non da superación da totalidade dos módulos formativos.

## **8. ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA E DE**

### **DANZA**

#### ***Criterios de avaliación***

8.1. Os conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, modificarán os criterios de avaliación previstos para cada curso e materia e valorando especialmente a progresión na consecución dos obxectivos xerais e específicos de cada ensinanza. Os centros farán públicas estas modificacións dos criterios de avaliación.

8.2. Estes criterios de avaliación terán un carácter diagnóstico e formativo e permitirán as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso académico 2020-2021, para incorporar aqueles obxectivos e

contidos que, debido ás circunstancias especiais do terceiro trimestre, non se poderían abordar.

8.3. De ser necesario, os conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, poderán incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas, parte do currículo das materias que non se puidesen desenvolver debido ás circunstancias excepcionais deste curso, en distintas materias do curso seguinte.

Procedementos de avaliación

8.4. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que fora obxecto o alumnado.

8.5. Os conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, poderán determinar, con carácter diagnóstico e formativo, a realización das probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre de xeito non presencial, naquelas materias nas que sexa posible, e polo mesmo mecanismo co que cada centro estivo comunicando cos seus alumnos no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade na aula.

8.6. Así mesmo, poderán determinar a avaliación de cada materia, tendo en conta o seu carácter continuo, en función das avaliacións previas e dos datos obtidos polo profesorado das actividades desenvolvidas polo alumno ao longo do seu proceso de aprendizaxe como elemento determinante da cualificación final da materia, e non minorando as súas cualificacións anteriores.

8.7. O especificado no presente apartado tamén será de aplicación para aquelas materias de cursos anteriores que o alumnado teña aínda pendentes de cualificación positiva.

### ***Crterios de promoción***

8.8. Os conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, poderán flexibilizar, durante o curso 2019-2020, os criterios de promoción. A repetición do curso completo considerarase unha medida excepcional. Non se terán en conta as limitacións para superar o curso que afecten o número ou tipo de materias ou con cualificacións negativas, ou a porcentaxe de carga docente pendente.

8.9. A programación do curso 2020-2021 das materias que impliquen continuidade debe adaptarse a estas circunstancias, adoptando os centros as medidas necesarias que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019-2020 dificultaría a adquisición deles.

8.10. A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica de instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte. Así mesmo, ao alumnado que ao final do 6º curso tivese tres ou máis materias pendentes de avaliación positiva, poderá formalizar matrícula no curso 2020-21 só das materias pendentes, sen repetir todo o curso.

Crterios de titulación

8.11. Os conservatorios elementais e profesionais de música e de danza, así como os centros autorizados, poderán flexibilizar os criterios de titulación, tendo en conta a madureza académica do alumnado en relación cos obxectivos xerais e as competencias profesionais da titulación e non da superación da totalidade das materias. Non obstante, para que un alumno ou alumna excepcionalmente obteña o correspondente título das ensinanzas profesionais de música ou de danza sen superar a totalidade das materias, deberá ser proposto por acordo do equipo docente, debendo constar o devandito acordo na correspondente acta de avaliación do sexto curso e no libro de cualificacións correspondente.

### ***Criterios de permanencia***

8.12. Amplíase nun ano o límite de permanencia nas ensinanzas elementais e profesionais de música e de danza do alumnado que se vira afectado polas circunstancias deste curso escolar 2019/2020, tanto no que atinxe á permanencia na totalidade do grao como en cada un dos cursos. Asemade, os centros poderán flexibilizar os prazos para presentar a solicitude de anulación de matrícula e ter en conta como circunstancia que poderá solicitar a mesma a situación orixinada pola actual situación excepcional. En todo caso, esta solicitude deberá cursarse con anterioridade á celebración da avaliación final.

### ***Documentos de avaliación***

8.13. Nos documentos oficiais de avaliación quedarán recollidas, ademais do decreto correspondente polo que se establece o currículo de cada ensinanza, a Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), así como as presentes instrucións, que recollen as medidas de flexibilización que, con carácter excepcional durante o curso 2019-2020, se aplicarán, de xeito que os documentos de avaliación dean conta do marco regulamentario no que desenvolveu a avaliación e a adopción de decisións de promoción ou titulación e estean debidamente regularizados. Prestarase especial atención no libro de cualificacións como documento oficial que reflicte os estudos cursados.

8.14. Dada a situación de excepcionalidade, prestarase especial atención ao informe individualizado de avaliación. A tal fin, a finalización do curso 2019/2020, cumprimentarase o informe de avaliación individualizado, incorporando as observacións que se consideren relevantes en relación coas dificultades que se tivesen detectado como consecuencia da suspensión da actividade educativa presencial.

8.15. Para o alumnado con avaliación negativa, e coa finalidade de proporcionar referentes para a superación da materia na proba extraordinaria, o profesor ou profesora da materia correspondente elaborará o informe previsto na normativa de aplicación sobre os obxectivos e contidos que non se tivesen acadado e a proposta de actividades de recuperación en cada caso. O informe individual terá carácter informativo e orientador, detallando tanto o traballo realizado polo alumnado durante o curso como aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre.

8.16. As sesións de avaliación e cualificación realizaranse de xeito telemático, e

atenderán ao establecido nestas instrucións e na normativa correspondente.

### ***Probas específicas de acceso***

8.17. Aprázanse as probas específicas de acceso, cuxa superación forma parte dos requisitos de acceso ás ensinanzas elementais de música e de danza, e terán lugar no momento no que as circunstancias sanitarias o permitan, quedando polo tanto aprazadas as datas establecidas nos puntos 2.4 e 2.5 das instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a aplicación do calendario do curso 2019/2020 nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, e conservatorios superiores de música, do 19 de xullo de 2019.

### ***Premio de fin de grao nas ensinanzas profesionais de música e danza***

8.18. As probas para a concesión do premio de fin de grao serán convocadas pola dirección dos centros. Estas probas levaranse a cabo unha vez rematada a sesión de avaliación do fin de curso. A súa realización será levada a cabo de xeito telemático tendo en conta os recursos dispoñibles en cada caso.

## **9. ENSINANZAS DEPORTIVAS**

### **Criterios de avaliación**

#### ***Primeiro curso***

9.1. No caso de resultados de aprendizaxe asociados a un módulo formativo que resulten esenciais e que non puideron desenvolverse debido ás circunstancias excepcionais deste curso, os centros educativos establecerán o procedemento que se considere máis axeitado para que todo o alumnado poida adquirir os ditos resultados de aprendizaxe. A tal efecto, os centros poderán, entre outras medidas, autorizar a súa ubicación noutro módulo profesional diferente, propio de 2.º curso, nas programacións didácticas dos centros. Así mesmo, os centros educativos poderán incorporar actividades de formación, ao inicio do próximo curso, que garantan a consecución dos resultados de aprendizaxe afectados pola situación do terceiro trimestre do presente curso, por parte de todo o alumnado.

#### ***Procedementos de avaliación***

9.2. O procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas realizadas durante o terceiro trimestre do curso 2019-2020.

9.3. As probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre, que terán en todo caso carácter diagnóstico e formativo, realizaranse polo mesmo mecanismo co que cada centro viñera comunicándose co seu alumnado no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dende a suspensión da actividade presencial.

9.4. Así mesmo, a avaliación de cada módulo profesional realizarase atendendo ao

carácter continuo da mesma, e tendo en conta o regulado no artigo 4 da Orde do 30 de maio de 2008 pola que se regula a avaliación das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior na Comunidade Autónoma de Galicia, a partir das avaliacións anteriores e ás actividades desenvolvidas durante este período, sempre que iso favoreza ao alumno ou alumna.

### ***Criterios de promoción***

9.5. Durante o curso 2019-2020 flexibilizaranse, de xeito excepcional, os criterios de promoción en todas as ensinanzas deportivas. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional. Non serán tidas en conta as limitacións para pasar de curso que afecten a módulos pendentes.

9.6. A programación do curso 2020-2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade, individuais ou grupais, orientadas a responder ás necesidades educativas concretas dos alumnos e das alumnas e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título, que a situación excepcional do curso 2019-2020 lles tivera dificultado adquirir.

### ***Criterios de titulación***

9.7. Tanto nos ciclos iniciais (nivel I) e ciclos finais (nivel II) de grao medio, como nos ciclos superiores (nivel III) das ensinanzas deportivas, os centros educativos flexibilizarán os criterios de titulación, atendendo a principios xerais de adquisición da competencia xeral do título e non da superación da totalidade dos módulos formativos.

## **10. ENSINANZAS OFICIAIS DE IDIOMAS**

### **Proceso de ensinanza-aprendizaxe**

10.1. Os departamentos didácticos e o profesorado das escolas oficiais de idiomas revisarán e modificarán as programacións didácticas para centrar as actividades lectivas nas aprendizaxes e competencias imprescindibles que deberá desenvolver o alumnado, en función do seu curso e nivel, flexibilizando os seus plans de traballo, adaptando a docencia á modalidade telemática e adaptándose ás necesidades do seu alumnado, coidando de non penalizalo nin prexudicalo. As actividades de lingua non realizadas no presente curso trasladaranse ao curso seguinte.

10.2. Con carácter xeral, as actividades lectivas manterán o calendario establecido ao inicio do curso.

### **Avaliación**

10.3. Os departamentos didácticos das escolas oficiais de idiomas modificarán os procedementos e criterios de avaliación que lle permitan ao profesorado valorar o grao de adquisición dos obxectivos xerais destas ensinanzas e lle faciliten a toma da decisión máis adecuada ante esta situación excepcional e conforme ás revisións feitas nas programacións didácticas, valorando especialmente as

aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo.

10.4. Estas modificacións deberán garantir o dereito do alumnado a ser avaliado con criterios de plena obxectividade, así como a coñecer os resultados das súas aprendizaxes. As escolas oficiais de idiomas farán públicas as devanditas modificacións.

### **Criterios de promoción**

10.5. Con carácter excepcional, aplicarase a avaliación continua para os cursos non conducentes a certificación oficial. A programación do curso 2020/2021 deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias de atención á diversidade que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019/2020 lles dificultase adquirir.

10.6. Para a obtención da cualificación do alumnado teranse en conta os resultados obtidos na proba parcial de progreso, así como a valoración positiva do rendemento e a participación do alumnado na aula. As valoracións das actividades realizadas telematicamente durante o estado de alarma teranse en conta exclusivamente para aumentar a cualificación que tiña o alumnado antes da suspensión das clases presenciais polo estado de alarma.

### **Criterios de certificación**

10.7. A avaliación dos niveis de certificación realizarase de acordo cos principios e criterios establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficiais dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial e na Circular 8/2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a elaboración e administración das probas de certificación das ensinanzas de idiomas de réxime especial para o curso 2019-2020.

### **Matrícula do alumnado libre**

10.8. A convocatoria na modalidade libre, cuxo proceso de matriculación quedou paralizado tras a declaración do estado de alarma, retomárase cando as circunstancias sanitarias o permitan.

Probas de certificación

10.9. O calendario establecido para a realización das convocatorias ordinaria e extraordinaria das probas de certificación aprázase. Establecerase un calendario alternativo para a realización destas probas cando as circunstancias sanitarias o permitan.

## **11. ENSEÑANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES**



## **Criterios de avaliación**

11.1. Atendendo ao establecido no primeiro punto do anexo III.5 da Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), os centros, públicos e privados, que impartan ensinanzas artísticas superiores modificarán os criterios de avaliación previstos para curso e disciplina, cando corresponda ou a curso completo ou segundo cuatrimestre, renunciando a un cumprimento exhaustivo dos mesmos e valorando especialmente a progresión na consecución das competencias e perfís profesionais de cada ensinanza.

11.2. Estes criterios de avaliación terán carácter diagnóstico e permitirán as adaptacións necesarias das guías docentes do seguinte curso 2020-2021, para incorporar aqueles contidos que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre, non puideran ser abordados.

11.3. De ser necesario, incorporárase a parte do currículo das disciplinas que non se puideran desenvolver debido ás circunstancias excepcionais deste curso, en disciplinas diferentes, propias do próximo curso, nas guías docentes correspondentes.

11.4. Os centros educativos nos que se impartan ensinanzas artísticas superiores farán públicas estas modificacións dos criterios de avaliación.  
Procedementos de avaliación

11.5. Atendendo ao establecido no segundo punto do anexo III.5 da Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), cómpre aplicar o seguinte.

11.6. Os procedementos de avaliación adecuaranse ás adaptacións metodolóxicas das que fose obxecto o alumnado.

11.7. Os centros, públicos e privados, que impartan ensinanzas artísticas superiores poderán determinar, con carácter diagnóstico e formativo, a realización das probas ou actividades de avaliación do terceiro trimestre a distancia, naquelas disciplinas nas que sexa posible, e polo mesmo mecanismo co que cada centro estivo comunicando cos seus alumnos no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe desde a suspensión da actividade na aula.

11.8. Os centros, públicos e privados, que impartan ensinanzas artísticas superiores poderán determinar a realización da avaliación de cada disciplina, atendendo ao carácter continuo da mesma, a partir das avaliacións anteriores e os datos obtidos polo profesorado das actividades desenvolvidas polo alumno ou alumna ao longo do seu proceso de aprendizaxe como elemento determinante da cualificación final da disciplina, e non minorando as súas cualificacións anteriores.

11.9. O especificado no presente apartado tamén será de aplicación para aquelas disciplinas de cursos anteriores que o alumnado teña aínda pendentos de cualificación positiva.

11.10. As probas relativas tanto á convocatoria como á convocatoria extraordinaria, desenvolveranse segundo o calendario establecido, en modalidade virtual por videoconferencia baixo a modalidade de concertación previa.

## **Criterios de promoción**

11.11. Atendendo ao establecido no terceiro punto do anexo III.5 da Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), cómpre aplicar o seguinte.

11.12. A guía docente do curso 2020/2021 das disciplinas de contidos progresivos que impliquen continuidade deberá adaptarse a estas circunstancias, adoptándose as medidas necesarias que garanten o nivel de adquisición e consolidación das competencias transversais, xerais e específicas definidas para estes estudos previstos para o actual curso 2019/2020.

Criterios de titulación

11.13. Atendendo ao establecido no cuarto punto do anexo III.5 da Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), flexibilízanse os criterios de elaboración e presentación do traballo fin de estudos, atendendo ao que segue.

11.14. Os traballos fin de estudos que non precisen de traballo presencial nas instalacións dos centros educativos nos que se impartan ensinanzas artísticas superiores poderán continuar o seu proceso de elaboración. Unicamente se establecerá un mecanismo de comunicación adecuado entre o profesorado e o estudantado que garanta unha correcta titorización.

11.15. A parte do traballo que teña que realizarse necesariamente en instalacións dos centros educativos (concertos, audicións públicas, etc.) deberá reorientarse, de común acordo entre o estudantado e a persoa titora. A parte do traballo pendente que precisaba de presencialidade substituirase por outra alternativa co fin de garantir que poida ser terminado no prazo previsto.

11.16. A defensa do traballo fin de estudos, e a súa memoria correspondente, farase por medios telemáticos, en modalidade virtual por videoconferencia baixo a modalidade de concertación previa.

## **Documentos de avaliación**

11.17. Nos documentos oficiais de avaliación quedarán recollidas, ademais do decreto correspondente polo que se establece o currículo de cada ensinanza, a Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), así como as presentes instrucións, que recollen as medidas de flexibilización que, con carácter excepcional durante o curso 2019-2020, se aplicarán, de xeito que os documentos de avaliación dean conta do marco regulamentario no

que desenvolveu a avaliación e a adopción de decisións de promoción ou titulación e estean debidamente regularizados.

11.18. As sesións de avaliación e cualificación realizaranse de xeito telemático, e atenderán ao establecido nestas instrucións e na normativa correspondente.

### **Probas específicas de acceso**

11.19. Atendendo ao establecido no sétimo apartado do anexo III.5 da Orde EFP/365/2020, do 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (BOE do 24), as probas específicas de acceso terán lugar no momento no que as circunstancias sanitarias o permitan.